

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia
Señores e Señoras Deputados e Deputadas
Señorías,

Bos días.

Comparezo ante vostedes para dar conta das incidencias xurdidas con relación ao proceso selectivo polo procedemento de libre designación dunha praza vacante na institución do Valedor do Pobo.

O 24 de decembro de 2015 publícase oficialmente a convocatoria para a provisión polo sistema de libre designación, do posto de xefe/a de servizo de administración e persoal do Valedor do Pobo, que se atopaba vacante, de acordo coa Relación de Postos de Traballo da institución aprobada polo Parlamento de Galicia. Ese posto foi creado cando a institución comezaba a dar os seus primeiros pasos. Dentro do prazo presentáronse á praza 18 solicitudes.

Unha vez vencido o prazo para a presentación das solicitudes, o 25 de xaneiro de 2016 resolvín absterme e en consecuencia dar aplicación ao previsto no artigo 8 da lei que regula o Valedor do Pobo, que prevé, para este e outros casos, que sexa o adxunto quen substitúa á valedora. O adxunto asinou o recibín coa resolución de abstención, na que se menciona a consecuencia legal diso, isto é, que era el quen debería resolver sobre o asunto. Algunhas expresións dos documentos sobre este aspecto conteñen o erro de facer mención a unha delegación, a pesar de que resulta claro que ao que se procede é a unha substitución *ex lege* e que o procedemento se desenvolveu desa forma, é dicir, como unha auténtica substitución. Achéganse os documentos correspondentes,

incluído o artigo que prevé a substitución *ex lege* para este tipo de supostos, sen posibilidade para casos de abstención de que sexa doutra forma.

Na resolución de abstención non especifiquei a causa concreta debido a que consideraba que era de público coñecemento que son discípula académica do pai dunha das persoas que concorría, aínda que non amiga dela. Á vista da interpretación da sentenza iso móstrase como un erro pola miña banda; porén, cando me foi pedida concreción sobre o motivo fixen unha inmediata e clara especificación da causa. Cito literalmente o trasladado ao tribunal: “en relación á abstención é necesario precisar que é de dominio público que a titular desta institución é discípula do Catedrático de Dereito Don Francisco de Paula Puy Muñoz, pai dunha candidata á praza. Polo que, sen concorrer causa de abstención *strictu sensu*, en aras da transparencia e imparcialidade na selección de candidatos/as a Valedora decidiu absterse de intervir no dito procedemento”. Achego o documento para que se atope a disposición de todos vostedes e de calquera que desexe consultalo.

Por tanto, non concorría causa legal de abstención en sentido estrito, posto que non tiña relación coa candidata, salvo a indirecta mencionada, pero co afán de máxima garantía, decidín absterme.

Unha vez que o adxunto asume a responsabilidade do trámite e resolución do procedemento, éste designa ás persoas que informarán sobre as solicitudes e a súa posible valoración, para os efectos de que o adxunto tome a correspondente decisión mediante resolución motivada. O adxunto encargou o informe aos funcionarios de maior rango administrativo na institución. A eles

engadiu un especialista externo. Iso consta documentalmente e por dúas veces na resolución final do adxunto, documento que achego e poño a súa disposición.

A sentenza aprecia indicios de que intervíñ na selección. Dedúceo de que (cito literalmente, e fágoo en castelán porque a sentenza, como desgraciadamente adoita ser habitual, se notifica en castelán, e non en galego) “no se aporta ninguna de las memorias de la institución a que se refiere dicho escrito de contestación (a la demanda), y en segundo lugar porque las indicaciones previas de la valedora resultaron decisivas para la determinación de los criterios de selección y para la valoración de determinados méritos a la adjudicataria, como sucedió con el curso sobre prevención de riesgos laborales y salud en el trabajo”.

Esa apreciación, que se refire a indicios, teño que respectala, como non podía ser doutra forma, pero rexéitola de forma categórica. O que di a sentenza sería verdade no caso de que os criterios foran definidos con ocasión da convocatoria e despois de ter as solicitudes. Pero iso non é que sucedeu, senón que os criterios eran previos e atopábanse concretados de forma obxectiva e pública con anterioridade á convocatoria da praza, e moito antes de coñecerse os candidatos. A continuación farei exposición das circunstancias de cada criterio de selección.

As funcións do/a xefe/a de servizo regulábanse no art. 23 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Pobo, aprobado polo Parlamento de Galicia. Entón sinalaba que existirá un Servizo de Administración e Persoal que lle prestará á institución o soporte administrativo para o cumprimento dos seus obxectivos e tramitará os asuntos derivados da xestión

económico-administrativa. Ao xefe/a de servizo de Administración e Persoal, baixo a supervisión do secretario xeral, correspóndenlle as seguintes competencias: a) dirixir, organizar e controlar os servizos administrativos e de mantemento da sede do Valedor b) a coordinación coa Intervención do Parlamento de Galicia para efectos da actividade económico-financeira da institución. Neste aspecto non se produce ningunha obxección por parte da sentenza. Achego copia do regulamento entón vixente.

Estas funcións poden resultar ampliadas, de igual forma que as dos demais postos de persoal técnico. De acordo co artigo 20.1 do regulamento todas as funcións dese persoal son *numerus apertus* en razón das necesidades determinadas pola institución.

Neste punto é onde xorde o mal entendido, sen dúbida causado pola nosa falta de claridade no informe previo e na resolución. Non obstante, esa concreción existía e era previa, repito, previa, á convocatoria da praza e á presentación das candidaturas.

Os méritos engadidos a ter en conta na convocatoria non o son porque a valedora os determinara con ocasión do proceso de selección, como parece deducir a sentenza, senón polo seu establecemento previo, repito, previo, como necesidades estratéxicas ou de relevancia para o funcionamento da Institución. Insisto en que se trataba de necesidades xa concretadas e precisadas con anterioridade ao proceso selectivo. Esas necesidades foron tres: 1ª) a posta en marcha das funcións administrativas da institución como responsable do control da transparencia das administracións galegas 2ª) a seguridade, a prevención de riscos laborais e a saúde no traballo, e 3ª) o estudo teórico, a difusión e a

pedagogía dos dereitos.

Como xa remarquei, algunhas expresións do informe poden inducir a certo grao de confusión, do que somos conscientes e polo que asumimos o noso grao de culpa; cando o informe menciona que a valedora (cito literalmente) “vincula o desenvolvemento do posto” á transparencia, á seguridade e saúde laboral e á difusión dos dereitos, non era o desexo dos informantes expresar que a valedora os indicara como instrución na valoración do procedemento, senón que moito antes os resolvera formalmente como tarefas pendentes e eixos estratéxicos de funcionamento da institución. Por tanto, son tarefas administrativas requiridas con carácter previo á convocatoria, repito, con carácter previo, como aspectos pendentes de atender en todo ou en parte pola persoa que ocupara o posto que se atopaba vacante.

Que iso é así demóstrase polos seguintes feitos:

1º En canto ao cumprimento das novas funcións en materia de transparencia, xa o proxecto de lei publicado no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia de 7 de outubro de 2015, é dicir, pouco máis dun mes despois da miña toma de posesión, indicaba no seu artigo 30 que o Valedor do Pobo asumiría o papel de órgano independente de control do cumprimento das obrigas comprendidas neste título por parte dos suxeitos incluídos no seu ámbito de aplicación. Entre as funcións encomendadas destacaba a de resolver as reclamacións ante as denegacións das solicitudes de acceso á información pública, agás as resolucións referentes ao dereito de acceso á información pública que sexan ditadas por parte dos suxeitos previstos no artigo 3.1d) desta lei, que serán soamente impugnadas ante a xurisdición contencioso-administrativa. Esa inicial previsión apenas variou ao longo de todo o

procedemento parlamentario do proxecto de lei, que finalmente atribuíu ao Valedor do Pobo a función de Comisionado da Transparencia e adscribiu ao Valedor do Pobo a Comisión da Transparencia que resolve sobre os recursos contra as resolucións de acceso á información pública, algo completamente novidoso por tratarse dun recurso rexido pola normativa de procedemento administrativo e non pola propia do Valedor do Pobo.

Por tanto, a tarefa pendente de desenvolver era previa, repito, previa, á convocatoria da praza, o que os informantes coñecían perfectamente, posto que se estaban a estudar as medidas de autoorganización que serían precisas. De feito, no mes de decembro de 2015 encargouse unha memoria para facer unha análise da execución das medidas relacionadas coa transparencia. Achego os documentos aludidos para a consulta de todos os deputados e deputadas e por calquera outra persoa interesada.

2º Como xa dixen, na sentenza indícase que dei instrucións previas para a determinación dos criterios, e cita a título de exemplo o criterio relativo á seguridade e á saúde laboral. Pois ben, nada máis tomar posesión como valedora do pobo a empresa contratista da seguridade comunicoume de forma directa e persoal, cumprindo de forma profesional coa súa responsabilidade, que en reiteradas ocasións advertira aos anteriores responsables da institución das importantes carencias de seguridade do edificio e no tratamento dos riscos laborais. Por esa razón, de forma inmediata (nos primeiros días do meu mandato) dei instrucións para que comezaran de forma urxente os trámites para solucionar esas deficiencias (plan de seguridade, sinalización, simulacros de emerxencias, cursos de prevención de riscos para os traballadores, etc.). Achego

os documentos mencionados.

Esas indicacións, dirixidas a todo o persoal, entre os que se contaron dúas das persoas asinantes do informe sobre a convocatoria, foron previas, repito, previas, á convocatoria da praza, e é perfectamente lóxico que os autores do informe tiveran en conta como méritos os achegados por calquera candidato nesta materia, en especial se temos en conta que o/a xefe/a de servizo ten encomendadas polo regulamento do Valedor do Pobo as tarefas relacionadas co mantemento da sede da Institución e a súa seguridade, e todo o relacionado co persoal, o que inclúe a prevención de riscos e a saúde dos traballadores do cadro de persoal do Valedor do Pobo.

A sentenza pregunta polas razóns polas que o asesor externo é un catedrático de Dereito Laboral e non un de Dereito Administrativo. Á vista do cuestionamento que se fai diso é razoable pensar que tería sido mellor esa outra opción. Porén, é importante subliñar que a concorrencia dun especialista externo é opcional, non preceptiva, tal e como prevé o artigo 80.3 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Este sinala que “o órgano competente para o nomeamento poderá (repito, poderá) recadar a intervención de especialistas que permitan apreciar a idoneidade dos candidatos”.

Neste caso, o adxunto considerou que os técnicos xurídicos da institución eran dabondo para orientar sobre os aspectos meramente administrativos, e o asesor externo podería achegar o seu criterio non só na análise do procedemento, senón tamén nos aspectos da súa especialidade, como o relacionado coa seguridade, a prevención de riscos laborais e a saúde dos traballadores do cadro

de persoal do Valedor do Pobo. En calquera caso trátase dun asesor externo, cuxo concurso non é preceptivo, e que se achega para os efectos da maior garantía no procedemento, tal e como establece o artigo 80.3 do Estatuto Básico do Empregado Público.

3º No relativo ao criterio de selección que se refire á promoción dos dereitos, que, como os anteriores, sería un complemento das funcións principais da xefatura de servizo, de acordo co Regulamento do Valedor de Pobo, ese criterio concrétese tamén con carácter previo en numerosas intervencións públicas miñas, entre as que podó citar, pola súa evidente relevancia, o meu discurso de toma de posesión como valedora do pobo. Nel resaltei a miña vocación polo estudo dos dereitos humanos e a súa pedagogía, e a necesidade de atender os dereitos non pro forma, senón de xeito claro e rápido.

4º Como evidencia engadida de todo o expresado ata agora pode dicirse que o contido do que na sentenza se menciona como memoria, que en realidade é o plan estratéxico da Institución durante a primeira parte do meu mandato, elaborouse no comezo do mesmo para ter vixencia despois dos primeiros 4 meses no cargo, é dicir, dende xaneiro de 2016. É o plan estratéxico 2016-2018, e como pode comprobarse, o seu cronograma de seguimento e execución comeza o 1 de xaneiro de 2016, polo que resulta imposible que na súa redacción (consta de 98 páxinas) se tiveran en conta circunstancias que non podían coñecerse entón.

No plan estratéxico desenvólvense, entre outros, os seguintes apartados:

-“obxectivo 1, Mellorar a calidade do servizo; eixo estratéxico g), reforzar a seguridade e o benestar do persoal”;

-“obxectivo 2, Fomentar a pedagogía de dereitos, educar en valores e promover a mediación, co eixo estratéxico a), “apoio á investigación, e eixo estratéxico b), acción divulgativa;

-e “obxectivo 3, Modernizar a oficina e crear unha oficina de transparencia, cos eixos estratéxicos a) sistemas informáticos, e b) órgano transparente e pola transparencia”.

Loxicamente, o persoal da institución coñecía a vinculación da institución aos obxectivos estratéxicos ou prioritarios contidos nese plan, polo que era perfectamente lóxico que os tiveran en conta á hora de valorar as incorporacións ao cadro de persoal. É mais, telos en conta era a súa obriga, posto que son instrucións de carácter xeral de obrigado cumprimento.

O plan estratéxico publicouse, e permanece publicado, no Portal de Transparencia do Valedor do Pobo, en concreto no seu espazo de información institucional, cun acceso específico e visualmente moi destacado. Achego copia do dito plan.

A sentenza sinala que non lle convence a explicación da institución (e cito literalmente) “porque no se aporta ninguna de las memorias de la institución a que se refiere dicho escrito de contestación” (á demanda). É certo, non se achegaron, pero é igual de certo que tampouco o órgano xulgador as reclamou, como si fixo con outra documentación. E a razón pola que non se considerou preciso achegalas é porque a memoria (en realidade o plan estratéxico) se atopa publicado no citado Portal de Transparencia, no que a información está dispoñible de forma permanente para todo o que desexe consultala (publicidade activa), de acordo co disposto nas leis de transparencia, tanto a española como a

galega. Ao respecto só podo engadir que esta institución é a máis transparente de España, de acordo cos índices acreditativos das entidades de defensa do dereito á transparencia e ao acceso á información pública.

Por tanto, creo acreditado que os criterios non foron seleccionados a propósito da convocatoria, senón que, moi ao contrario, foron consecuencia da orientación institucional realizada con carácter previo á convocatoria, repito, con carácter previo, e eran fiel reflexo de decisións anteriores, repito, anteriores, lexitimamente adoptadas pola Institución do Valedor do Pobo.

Por outra banda, a xurisprudencia na materia (por exemplo, a Sentenza do Tribunal Supremo de 30-9-2009, citada pola propia sentenza que anula a praza) establece que a liberdade legalmente recoñecida para estes nomeamentos discrecionais non é absoluta e conta con límites. No ámbito substantivo, tendo en conta as características e singularidades do posto de traballo a cubrir, a administración debe identificar claramente a clase de méritos que foron considerados prioritarios para decidir a preferencia dun funcionario sobre outros; e no formal debe precisar as concretas circunstancias consideradas na persoa nomeada para individualizala. A motivación debe incluír os criterios de interese xeral elixidos, repito, elixidos, como prioritarios para decidir o nomeamento, e cales son as calidades e condicións profesionais que foron consideradas no funcionario nomeado para apreciar que aqueles criterios concorren nel en maior medida que no resto de solicitantes.

Por contraste co sistema de concurso, en que os méritos están taxados e predeterminados, a libre designación ten recoñecida unha ampla liberdade para decidir sobre os feitos e condicións que, desde a perspectiva dos intereses xerais, resultan máis idóneos e convenientes para o mellor desempeño do posto. A

necesidade de motivar debe ser con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito.

A sentenza que resolve a anulación da praza tamén sinala que non se menciona aos demais candidatos, que, pola contra, si se mencionan e o propio informe incorporado á resolución afirma que foron examinados os *curricula vitae* e avaliados os méritos alegados por todos os aspirantes. O que a xurisprudencia non esixe en modo ningún é unha valoración individualizada nin comparativa, propia dos procedementos de concurso, senón motivar a selección da persoa nomeada.

Por tanto, a motivación debe incluír dous extremos:

- os criterios de interese xeral elixidos como prioritarios para decidir o nomeamento,

- e as calidades ou condicións persoais e profesionais que foron consideradas no funcionario nomeado para apreciar que os criterios concorren nel en maior medida que no resto dos solicitantes.

A definición destes criterios xurisprudenciais deuse en parte por discrepancias de membros da carreira xudicial cos nomeamentos de postos na xudicatura, e de feito a sentenza cita un destes casos.

Quero enfatizar que entendemos que cumprimos de forma escrupulosa os requisitos da praza e mesmo que posiblemente fomos escrupulosos de máis, o que posiblemente dera lugar aos malos entendidos tratados, dos que somos enteiramente responsables, pero que tentamos explicar ata agora.

En conclusión, manifesto categoricamente o meu profundo respecto á decisión xudicial, e como persoa especialmente vinculada polos principios democráticos e de pleno respecto ao Estado de Dereito, acatareina en todos os

seus termos, aínda que, como se desprende do dito ata agora, non comparto os indicios que se sinalan como causas do fallo. Esa é a razón pola que os técnicos e xuristas da institución estudan os detalles do resolto para os efectos de decidir sobre o posible recurso que a propia sentenza ofrece, posto que non é firme.

Teño que poñer tamén énfase en que a vinculación familiar ou doutro tipo dun funcionario ou funcionaria a persoas con relevancia política ou doutro tipo non pode ser causa que impida concorrer nos procesos de provisión das prazas da administración que se convocan con carácter ordinario. Facelo supón unha grave inxustiza e é ilegal. Ademais da institución, a outra gran prexudicada por esta situación é a funcionaria, que en execución da sentenza tivo que ver anulado o seu nomeamento. E iso sucede a pesar de que non cabe dúbida de que contaba e conta con cualificación máis que suficiente; é unha funcionaria do Corpo Superior de Administración Xeral da Xunta de Galicia por oposición con máis de 25 anos de experiencia, ten consolidado o máximo grao administrativo, ten o diploma oficial de directivo, e realizou numerosos cursos superiores e doutro tipo en escolas oficiais.

Na resolución do seu nomeamento puideron cometerse erros formais e de motivación, pero non outro tipo de incorreccións, como xa relatei. Nalgúns aspectos témonos equivocado na Institución, pero non cabe dúbida de que fomos moitos os errados, posto que a resolución anulada foi analizada e informada por dous técnicos xurídicos, por todo o equipo técnico do Valedor do Pobo, que aprobou por unanimidade e sen a máis mínima obxección o informe previo, e polo adxunto á valedora, que asina a resolución. Achego a acta da Xunta de Coordinación do Valedor do Pobo para que estea a disposición de todos os deputados e as deputadas que desexen consultala.

En definitiva, reafírmome en que a convocatoria pública para a provisión da praza polo sistema de libre designación estaba prevista na organización administrativa desta institución aprobada polo Parlamento de Galicia. So se procedeu a cobertura dunha vacante. Nese procedemento, a sentenza apunta algunhas deficiencias formais que non invalidan o procedemento iniciado e simplemente ordenan a súa corrección.

Non quero rematar as miñas palabras ante vostedes sen facer mención ao que é mais relevante na tarefa da Institución do Valedor do Pobo. Nel se traballa intensamente e se conseguen importantes logros, unhas veces pola nosa soa intervención inicial e outras como consecuencia da nosa persuasión ante as administracións. Pero sempre coa mirada posta nos dereitos e o benestar das persoas, en especial das mais desfavorecidas; das persoas con diversidade funcional, como é mostra o informe especial que acabo de presentar en colaboración coas organizacións da discapacidade; das persoas en exclusión social ou en risco dela, como son mostra ás iniciativas para mellorar as deficiencias que se foron detectando, moitas atendidas, aínda que é evidente que as necesidades seguen sendo moitas; das persoas maiores ou dependentes, por cuxas imperiosas necesidade intercedemos de forma continuada; das persoas mais vulnerables ou con mais risco de discriminación, como as LGTBI; das persoas que sofren as numerosísimas malas prácticas bancarias ou os abusos de empresas subministradoras de servizos esenciais, para as que conseguimos os primeiros recoñecementos en asuntos de moitísimo calado (desafiuzamentos, cláusulas solo, outras cláusulas abusivas, etc.); das persoas preocupadas pola súa saúde e benestar debido a incumprimentos medioambientais, aos que dedicamos unha especial atención cun alto grado de éxito, coñecido en casos de moita

transcendencia; dos menores, cuxo interese debe prevalecer sobre calquera outro. Nestes e noutros moitos terreos temos logrado importantes avances e rectificacións de posicións das administracións que considerábamos erradas, erros comprensibles nos que non apreciamos nunca mala fe, posto que ao fin e ao cabo as administracións as formamos seres humanos, que como tales somos imperfectos.

Todas as persoas que acoden á Institución o fan para que vexamos o problema dende a súa visión persoal, coas súas duras circunstancias, e iso é o que facemos sempre. Foron e seguen sendo moitas as persoas que poñen as súas esperanzas na Institución en busca de amparo. Dende a miña toma de posesión atendín a uns 100.000 reclamantes, investiguei máis de 5.000 asuntos, acudín persoalmente a moitos pobos da nosa terra para falar persoalmente coas persoas que o necesitaban, presentei 2 informes extraordinarios relacionados con graves problemas de persoas vulnerables e que con frecuencia sofren discriminación; expuxen ante a Cámara 3 informes anuais en prazo e moi detallados. Nos informes tratei en profundidade os problemas mais salientables das persoas cos poderes públicos, fora cal fora a súa cor política. E formulei centenaes de recomendacións ás administracións, tamén de todas as cores políticas, e iso é fácil constatalo nos informes. Na meirande parte das ocasións a administración atendeu as recomendacións, os recordatorios de deberes legais e as suxestións formuladas (o nivel de cumprimento varía por anos, pero adoita ser o 75%). A maior parte das recomendacións recibíronse e respondéronse co máximo respecto e entendendo que a valedora non facía outra cousa que o que lle encomendaba o Estatuto de Autonomía, a lei e este Parlamento. A eficacia e a utilidade deste traballo demostrase en que ano a ano aumenta a confianza que as

persoas depositan no Valedor do Pobo como institución para valer os seus dereitos ante as administracións públicas.

Como é lóxico, sempre actuamos para defender as persoas, para valelas, porque na maior parte dos casos non teñen quen máis as defenda, e porque é a nosa obriga, e sobre todo porque tamén é a nosa honra.

E esas son as miñas credenciais.